

A Xunta de Persoal

A Xunta de Persoal é o Organo de representación colectiva dos funcionarios dos Servizos Periféricos da Comunidade Autónoma de Galicia en Ourense. A súa función principal é defender os intereses tanto individuais como colectivos dos funcionarios de Ourense.

Os estatutos actuais da Xunta de Persoal establecen a obrigatoriedade de reunirse alomenos **unha vez ao mes**.

Dende as eleccións sindicais de abril de 2015 e a constitución da Xunta de Persoal, esta só

foi convocada unha vez polo seu presidente.



Unicamente nos avisaron para modificar o regulamento actual e cambiar a obriga de convocala cada mes para que pase a ser **trimestralmente**.

Parece que o persoal funcionario de Ourense non


ten problemas que tratar, que as nosas condicións de traballo son maravillosas e que estamos conformes?

Dende a CIG informamos e denunciámos o mal funcionamento da Xunta de Persoal en numerosas ocasións e animamos os funcionarios e funcionarias da nosa provincia a que coñezan o noso órgano de representación. A que pregunten, a que se preocupen e esixan traballo dos seus representantes, a nós incluídos.

Traspacidade Sindical

Na CIG Ourense non temos nada que ocultar. Por eso facemos públicos os datos da bolsa de horas dos delegados sindicais de funcionarios da Xunta de Galicia en Ourense:

SECCIÓN SINDICAL	NOME	HORAS
Funcionarios/as	ZELTIA BURGOS TORTOSA	15
	MARÍA LOURDES MORALES CID	40
	DOMINGO NEIRA MARTÍNEZ	40
	MÓNICA GONZÁLEZ COUSO	40
	JOSÉ MARÍA MARTÍNEZ PENEDO	40
	AMANCIO BRUQUET ÁLVAREZ	52,5
	Total	



Na administración galega ningún delegado/a sindical cobra por exercer funcións sindicais. O salario que percibe cada un deles/as é o salario que lles corresponde polo seu traballo como empregados públicos. Nin máis nin menos. Non existe incremento de gasto ningún. Co fin dunha transparencia real e efectiva, a administración galega ten a obriga legal de dar unha información clara, concisa e real.



Contidos:

Xunta de Persoal. Traspacidade CIG.	1
A Xunta boicotea a CIG. Postos oficinas Emprego. A CIG resolve.	2
Permiso lactancia. RPT Ensino.	3
Aula de formación.	4



@CIGAautonomicaOU



https://www.facebook.com/CIG.Autonomica.Ourense



ourense@cigadmon.org

Web: <http://autonomica.cigadmon.gal>

Parque de San Lázaro, 12 – 4º andar

Telefono: 988 233 850

Fax: 988 222 855

A Xunta boicotea o traballo da CIG en Ourense



Para unha mellor información sindical ao persoal da provincia de Ourense, a CIG solicitou á Xunta a alta dunha conta de correo (cig.ourense@xunta.es) o día 18/09/2015.

O 29/1/2016 preguntamos ao CAU da Xunta se hai algún problema, xa que non tivemos resposta. Dinnos que a petición está rexistrada no seu sistema con data 22/09/2015 pero que se atopa pendente polo seguinte motivo: "Enviada solicitud de autorización a Xerencia Amtega en CCEOU e Función Pública el pasado martes 22/09. En espera de autorización para proceder á provisión". O día 26/2/2016 volvemos reclamar o estado da nosa solicitude e dinnos que seguen a espera da aprobación por parte da xerencia de CCEOU... O 3/3/2016 o CAU da Xunta confirmanos que a petición segue pendente da resposta de autorización dende Función Pública.

E o tempo pasa... e seguimos igual!!!!!!

Postos en oficinas de emprego para cargos do PP

Hai catro anos, en plena vaga de austeridade, a **Xunta suprimiu as 34 fundacións comarcais que creara Manuel Fraga nos anos noventa**. Os seus traballadores temporais foron despedidos e os indefinidos foron trasladados a outros *chiringuitos* da Xunta, incluídos a maioría dos ex xerentes comarcais. Pero estes últimos, entre os que hai cando menos media ducia de cargos do PP, non quedaron na administración paralela, senón que veñen de ser integrados como persoal laboral fixo na propia administración xeral, en postos creados para eles en oficinas de emprego de toda Galicia. Uns postos que a Xunta creou en abril de 2014 pero que, en plena crise e coas cifras de desemprego disparadas, **mantivo baleiros ata agora, mesmo vetando que outros traballadores puidesen ocupalos de xeito temporal, malia recoñecer que era necesario cubrilos**.


A integración como persoal laboral fixo da propia Xunta dos ex xerentes comarcais prodúcese a pesar das dúbidas que existen sobre os procesos de selección que tiveron que pasar para ser contratados inicialmente por cada fundación comarcal.

Nos seus novos postos nas oficinas de emprego, os ex xerentes que vexan agora rebaxado o seu soldo con respecto ao que percibían antes **seguirán recibindo durante seis anos un complemento ata a súa equiparación definitiva**.

Fonte: www.praza.gal



A CIG resolve: Baños na Lonía



O día 26/11/2015 nunha visita ao centro de traballo do Servizo de Montes e o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL da XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE situado en Villaamil y Castro (A Lonía), recibimos queixas do persoal do centro polas condicións dos aseos de homes situados no primeiro andar.

Comprobamos que emanan un cheiro insoportable perceptible desde fóra dos aseos. Ademais, de 3 retretes, 2 estaban fóra de servizo. O único retrete dispoñible carecía de tapa/asento de plástico.

Estes aseos son de uso público para a xente que asiste as actividades organizadas polo ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral), que se imparten no salón de actos do centro.

Remitimos unha reclamación dirixida a Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Ourense.

Recibimos un escrito da secretaria territorial con rexistro de saída do 23/12/2015 polo que nos comunicaban que as deficiencias foron debidamente solucionadas, estando os aseos en condicións axeitadas de uso.

Nunha visita posterior confirmamos que efectivamente os problemas foron solucionados.

Goce do permiso de lactación por parte do pai



A prensa subvencionada anunciaba estes días como novidade unhas medidas de conciliación na Xunta que xa existían, entre elas o permiso de lactación por parte do pai independentemente da situación laboral da nai.

Curiosamente, a un funcionario de Ourense estábanlle pondo problemas para o goce do permiso de lactación porque a súa cónxuxe estaba desempregada. Unha xefa de persoal

entendía que na redacción actual na LEI 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, non tiña dereito.

Nas alegacións que enviou a CIG ao borrador das *Instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas para o persoal*, solicitábase que se incluíse unha aclaración sobre a situación laboral da nai.

Función Pública, nun principio, non quería incluír esta alegación, xa que de acordo ao seu criterio non facía falta, estaba claro na lei.

Remitímoslle a FP información de que se estaba denegando o permiso a un funcionario de Ourense.

Finalmente, FP decidiu incluír nas instrucións a seguinte aclaración ao permiso de lactación: *“O persoal funcionario e o persoal laboral poderán facer uso deste permiso con independencia de que o outro proxenitor traballe ou non.”*

Xogo de tronos

Continúa a loita polo dominio dos sete reinos no edificio administrativo da Habana.

A casa Baratheon, dividida, reorganiza as súas tropas no reino do cuarto andar.

Mentres a casa Lannister, séntase agora no trono de ferro, expandese cara o primeiro andar, e reparte as migallas sobrantes do quinto entre as outras casas.

Xa nada se sabe do rei no norte.

A garda da noite mantense vixiante no sétimo andar. Mentres chegan novas dende máis alén do muro: Eleccións autonómicas are coming!!!!

Modificación da RPT na consellería de Educación

A proposta de Educación supón un importante cambio na distribución de postos de persoal funcionario, crean 63 novos postos, eliminan 77 xa existentes e desprazan a 35 auxiliares administrativos de diferentes IES para dotar de persoal aos CEIP.

Para dotar de persoal auxiliar aos colexios que contan con máis de 400 alumnos, no caso de **Ourense** desprazan a **8 auxiliares**.

Dende a **CIG** levamos anos esixindo a creación de postos de auxiliar en todos os colexios e de subalternos/as nos casos en que non estean cubertos polo concello. Non se poden amortizar postos de persoal auxiliar e subalterno para cubrir unhas necesidades deixando descubertas outras.

Non é lóxico que se valoren as necesidades de persoal nun centro seguindo o criterio de **“ratio de número de alumnos/as”**. Hai outras circunstancias que as determinan, como poden ser: ciclos de adultos, ciclos a distancia, centros adscritos, existencia de varios edificios...

Para rematar, no caso de que sexan inevitables os traslados, deberían facelo voluntariamente as persoas interesadas e non seguindo o criterio “da mais recente incorporación”.

Aula de formación ou o camarote dos irmáns Marx?

Dende a CIG denunciámos que a aula para formación destinada ao persoal da Xunta en Ourense parece o camarote dos irmáns Marx de “Unha noite na ópera”: Pretenden meter 20 persoas e o docente nun espazo de 28m²!

Somos a única delegación que non conta cun posto informático por persoa na aula, non por falta de material, senón de espazo físico onde colocalo.

Ademais, a aula non ten luz natural nin ventilación, pois carece de fiestras. O amoreamento de mesas reduce o espazo dispoñible para circular, dificultando o acceso a persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida.



Aula de formación en condicións xa!